

**Artículo 6. Normas de gestión**

Las personas físicas o jurídicas interesadas en la utilización del Pabellón Polideportivo en Oímbra, para actividades deportivas, deberán solicitarlo con antelación, por teléfono o por escrito, en la Casa Consistorial del Ayuntamiento.

En el mismo momento de la solicitud, por escrito o por teléfono, se les comunicará si está disponible.

Si la petición es por escrito, y el uso está disponible, deberán proceder a pagar en la Casa Consistorial el importe de la tasa, y por parte de los servicios municipales se les entregará el documento justificativo del pago, que deberán guardar en su poder hasta la finalización de uso solicitado, ya que les podrá ser exigido por el personal encargado del pabellón durante la utilización de este.

Si la petición es por teléfono, y el uso está disponible, se deberá proceder a pagar la tasa a la persona encargada del pabellón, en el momento en que comience el uso autorizado, y esta persona entregará el resguardo acreditativo de haber pagado la tasa.

Las personas físicas o jurídicas interesadas en la utilización del Pabellón Polideportivo en Oímbra para actividades no deportivas, siempre deberán solicitarlo con antelación, por escrito, y por parte de la Junta de Gobierno se dictará resolución en la que conceda o deniegue el uso solicitado del pabellón, en atención a los fines solicitados y a la disponibilidad de este, fijando en su caso las condiciones para su utilización, siempre bajo la responsabilidad del peticionario, notificándose por escrito esta resolución a este.

**Artículo 7. Normas complementarias**

El ayuntamiento podrá concertar convenios para el desarrollo de programas deportivos con clubes, asociaciones, federaciones, entidades u organismos que promuevan el deporte, con las contraprestaciones que se especifiquen en los mencionados convenios, que no tienen que ajustarse a lo establecido en el artículo 4 de esta ordenanza, a los efectos de que puedan beneficiarse de una mayor operatividad en el funcionamiento del Pabellón Polideportivo.

Igualmente se podrán realizar convenios para desarrollar en el pabellón actividades artísticas y culturales con aquellas personas físicas o jurídicas que se dediquen a estas actividades, y que no tendrán que ajustarse a las cuotas establecidas en el artículo n.º 4.

También se podrán establecer, para el desarrollo de programas deportivos gestionados por el ayuntamiento, convenios con clubes, federaciones, empresas deportivas o personas jurídicas y físicas, con las contraprestaciones que se especifiquen en dichos convenios, que no tienen que ajustarse a lo establecido en el artículo 4 de esta ordenanza.

**Artículo 8. Infracciones y sanciones**

Constituyen infracciones:

- La producción de deterioros o daños en las instalaciones deportivas o de recreo.
- La alteración del orden en el interior del recinto.
- La utilización de la instalación deportiva o de recreo para fines distintos a los previstos en su autorización.
- El incumplimiento de las normas de uso de las instalaciones, así como de las instrucciones dictadas por el personal de éstas.
- Cualquier otro incumplimiento de las obligaciones contraídas al obtener la autorización.

Para la gradación de las infracciones reguladas en el apartado anterior, se estará a la clasificación contenida en el artículo 140 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, en su redacción dada por la Ley 57/2003, de 16 de diciembre, dependiendo de la intencionalidad o negligencia del infractor y de la gravedad de la infracción cometi-

da. Dichas infracciones además llevarán aparejadas multas en cuantía cuyos límites fija el artículo 141 de la mencionada ley.

La infracción regulada en el apartado a) del presente artículo dará lugar a la obligación del reintegro del coste total de la reparación o reconstrucción, además de la multa correspondiente, así como a la imposibilidad de utilizar cualquier instalación deportiva municipal durante un año a partir de la comisión de la infracción.

Si los daños fuesen irreparables, la indemnización a la que se refiere el párrafo anterior consistirá en una suma de dinero igual al valor de los bienes destruidos o al importe del deterioro de los daños de forma irreparable.

Asimismo, se establece que no podrá utilizar el pabellón cualquier persona física o jurídica, que figure como deudor ante este ayuntamiento por la tasa regulada en esta ordenanza, mientras no liquide la deuda correspondiente ante el ayuntamiento.

**Artículo 9. Disposición final**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor el día de su publicación íntegra en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo vigente hasta su modificación o derogación expresa.

**Edicto**

No BOP do día 30 de decembro de 2013, n.º 298, publicouse o anuncio deste concello mediante o que se expuña ao público, durante o prazo de 30 días hábiles, o expediente completo tramitado con motivo da aprobación provisional polo Pleno, na sesión ordinaria do día 26.12.2013, da seguinte ordenanza deste concello:

- Ordenanza municipal fiscal reguladora da taxa polo uso do Pavillón Polideportivo en Oímbra.

Durante o prazo establecido de exposición ao público, do 31.12.2013 a 05.02.2014, ambos os dous inclusive, non se presentaron alegacións ou reclamacións contra este expediente, polo que o acordo provisional adoptado polo Pleno o día 26.12.2013 pasa a ser definitivo.

Por isto, en virtude do establecido no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 65, 70 e 107 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación no BOP do texto íntegro das novas ordenanzas aprobadas, para xeral coñecemento e efectos oportunos, entrando en vigor a partir da súa publicación no BOP Oímbra, 10 de febreiro de 2014 O alcalde.

Asdo.: Alfonso Villarino Rodríguez.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso do Pavillón Polideportivo de Oímbra

**Artigo 1. Fundamento e natureza**

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 29 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa polo uso do Pavillón Polideportivo en Oímbra.

**Artigo 2. Feito imponible**

Constitúe o obxecto do feito imponible desta exacción o uso, utilización e goce do Pavillón Polideportivo en Oímbra.

**Artigo 3. Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos e están obrigados ao pago desta taxa todas as persoas, físicas ou xurídicas, que utilicen as instalacións do pavillón.

**Artigo 4. Cota tributaria.**

a) Actividades deportivas:

- 8 euros por hora de utilización, sen ter que utilizar luz eléctrica.





- 10 euros por hora de utilización, utilizando luz eléctrica.

No caso de que a duración solicitada sexa menor, a cota tributaria mínima é a establecida para unha hora de duración de utilización do pavillón.

b) Actividades non deportivas:

- 100 euros, comprendendo tanto o ter que utilizar o pavillón un día enteiro, como a realización dun só acto, de duración variada, pero que non teña relación con actividades deportivas.

Artigo 5. Exencións

Da cota tributaria establecida no artigo anterior, de uso para actividades deportivas, estarán exentas todas as persoas físicas que estean empadroadas no Concello de Oimbra, e todas as persoas xurídicas que teñan o seu domicilio social no Concello de Oimbra. Esta circunstancia comprobarana de oficio os servizos municipais, no momento de solicitar o uso do pavillón.

Da cota tributaria establecida no artigo anterior, de uso para actividades non deportivas, non se establecen exencións.

Artigo 6. Normas de xestión

As persoas físicas ou xurídicas interesadas na utilización do Pavillón Polideportivo en Oimbra, para actividades deportivas, deberán solicitalo con antelación, por teléfono ou por escrito, na Casa do Concello.

No mesmo momento da solicitude, por escrito ou por teléfono, comunicaráselles se está dispoñible.

Se a petición é por escrito, e o uso está dispoñible, deberán proceder a pagar na Casa do Concello o importe da taxa, e por parte dos servizos municipais entregaráselles o documento xustificativo do pago, que deberán gardar no seu poder ata a finalización de uso solicitado, xa que lles poderá ser esixido polo persoal encargado do pavillón durante a utilización deste.

Se a petición é por teléfono, e o uso está dispoñible, deberáse proceder a pagarlle a taxa á persoa encargada do pavillón, no momento en que comece o uso autorizado, e esta persoa entregará o resguardo acreditativo de ter pagada a taxa.

As persoas físicas ou xurídicas interesadas na utilización do pavillón polideportivo en Oimbra para actividades non deportivas, sempre deberán solicitalo con antelación, por escrito, e por parte da Xunta de Goberno ditarase resolución pola que conceda ou denegue o uso solicitado do pavillón, en atención aos fins solicitados e á dispoñibilidade deste, fixando se é o caso, as condicións para a súa utilización, sempre baixo a responsabilidade do peticionario, notificándoselle por escrito esta resolución a este.

Artigo 7. Normas complementarias

O concello poderá concertar convenios para o desenvolvemento de programas deportivos con clubs, asociacións, federacións, entidades ou organismos que promovan o deporte, coas contra-prestacións que se especifiquen nos mencionados convenios, que non teñen que axustarse ao establecido no artigo 4 desta ordenanza, para os efectos de que poidan beneficiarse dunha maior operatividade no funcionamento do Pavillón Polideportivo.

Igualmente, poderanse realizar convenios para desenvolver no pavillón actividades artísticas e culturais con aquelas persoas físicas ou xurídicas que se dediquen a estas actividades, e que non terán que axustarse ás cotas establecidas no artigo n.º 4.

Tamén se poderán establecer, para o desenvolvemento de programas deportivos xestionados polo concello, convenios con clubs, federacións, empresas deportivas ou persoas xurídicas e físicas, coas contra-prestacións que se especifiquen nos ditos convenios, que non teñen que axustarse ao establecido no artigo 4 desta ordenanza.

Artigo 8. Infraccións e sancións

Constitúen infraccións:

a) A produción de deterioracións ou danos nas instalacións deportivas ou de recreo.

b) A alteración da orde no interior do recinto.

c) A utilización da instalación deportiva ou de recreo para fins distintos aos previstos na súa autorización.

d) O incumprimento das normas de uso das instalacións, así como das instrucións ditadas polo persoal destas.

e) Calquera outro incumprimento das obrigas contraídas ao obter a autorización.

Para a gradación das infraccións reguladas no apartado anterior, ateranse á clasificación contida no artigo 140 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, dependendo da intencionalidade ou negligencia do infractor e da gravidade da infracción cometida. As ditas infraccións, ademais, levarán aparelladas multas en contía cuxos límites fixa o artigo 141 da mencionada lei.

A infracción regulada no apartado a) do presente artigo dará lugar á obriga do reintegro do custo total da reparación ou reconstrución, ademais da multa correspondente, así como á imposibilidade de utilizar calquera instalación deportiva municipal durante un ano a partir da comisión da infracción.

Se os danos fosen irreparables, a indemnización á que se refire o parágrafo anterior consistirá nunha suma de diñeiro igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danos de forma irreparable.

Así mesmo, establécese que non poderá utilizar o pavillón calquera persoa física ou xurídica, que figure como debedor ante este concello pola taxa regulada nesta ordenanza, mentres non liquide a débeda correspondente ante o concello.

Artigo 9. Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

R. 519

## Ourense

### Servizos Xerais

“De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, publícase a notificación do prazo de audiencia do expediente da reclamación de responsabilidade patrimonial incoado á interesada que a continuación se relaciona, xa que, intentada a notificación deste no derradeiro domicilio coñecido, non se puido practicar satisfactoriamente. Advírtese do seu dereito a interpoñer un recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación, ou interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo.

O respectivo expediente obra nas dependencias de Servizos Xerais do Concello de Ourense, ante o cal lle asiste o dereito a consultalo.”

N.º expediente; reclamante

RP 2013005695; dona M.ª Pilar Carballeda Souto.

### Servicios Generales

“De acuerdo con lo dispuesto en los artículo 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se publica la notificación del plazo de audiencia del expediente de la reclamación de responsabilidad patrimonial